



PACO PESTANA
ARTE CON
AGRI-CULTURA
PONME DE TERRE
A PATACA
(SOLANUM TUBEROSUM)







Lugo leva séculos sendo a capital agraria de Galicia, e desde que as patacas nos chegaron de América Lugo foi sempre terra de moitas e moi boas patacas. As patacas quitaron moita fame, e hoxe forman parte importantísima da nosa gastronomía, e polo tanto da nosa cultura máis íntima e esencial. O caldo e os cachelos son cousa de cada día, a tortilla de patacas, o cocido e o lacón con grelos, as patacas asadas... Parece que están connosco desde o principio dos tempos, e non obstante son case cousa nova, cousa de séculos e non de milenios.

Por iso está moi ben que Paco Pestana bote uns regos de patacas no MIHL. Paco Pestana xa botou patacas en Castrovverde,

parroquia da Frairía, cando era neno e labrador. Agora que é grande e escultor botará patacas artisticamente, non para comelas senón para mirar para elas, para que nós miremos para elas e lembremos quen somos. Porque nas terras de Albeiros onde agora está o MIHL téñense botado ben patacas, e aínda dentro das murallas se botaban moitas non hai tanto tempo, por exemplo nas hortas de tras da Rúa Nova. Porque as luguesas e os lugueses, por moi urbanitas que sexamos, temos sempre un pé nas leiras, nas chousas, nas cortiñas, nos eixidos, nas hortas. Xente urbana e agraria. E gustaranos ver medrar as rameiras das patacas no interior do MIHL, este modernísimo edificio dedicado á memoria.

Carmen Basadre Vázquez
Concelleira de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua




PACO PESTANA
ARTE CON
AGRI-CULTURA
PONME DE TERRE
A PATACA
(SOLANUM TUBEROSUM)

Textos: Paco Pestana


América tiña que ser descuberta polos cristianos esencialmente pola pataca. Os irlandeses, os polacos, os bretós e nos somos inquisidores metafísicos gracias a esta humilde criatura. Os daló chámánlles Papas e os de Roma e en diminutivo papitas. Bautizámolas en latín como familia das solanáceas e non teñen nada que ver coa tuberculosis aínda que tamén lles chamen tubérculos. Esta familiar xentiña, goza en terras fondas, en bouzas onde medran os fariñentos e a gorga. E os que as labran saben que non todas valen para encachelarse, as parazas pas pitas e os ranchos de cría. En puré pos desdentados, fritas con bacallau e zorza recheas e embodagadas de preve de oliva ou manteiga. Encarchutadas con sal, no forno, o Puño portugues, pras becerras e os cais, pro xabariles e os vermes... Patatín-Patatán.

Eu teño unha familiar comencia con esta querida gandallada pois de nenón subía ó everest do pataqueiro provocando un alud que trastavillaba nos meus cuadrís. O arte destes tempos faise pra ensinar o que non ve o nunca visto e volver a ver. E discursease con aires patafísicos como si todo dios fora un filósofo apoetado ou afastado como dicíndolle ó vecín ¡mira mirón, que se non cho conto si non o ves ladrón! Arte con Agri-Cultura nace e vive aquí para escurecerse nesta lírica e familiar toupeira. A sete metros de fondo e á intemperie douscentos quilos de patacas de comer e axermoladas sin terra nin sulfato e sin esterco das ovellas intentarán as pobres buscarse a luz. A luz divina e sin chegar a criar en por si, e quedarán como figos pasos mantendo os xermolos si non hai mala xeada ou torbón de primavera e non as desgracia.



Veranse medrar poéticamente sin prisa e sin pacencia. Este familiar e previsible "experimento" non é unha trangallada pra ter fama ou para chegar a ministro. É sencillamente un cataclís familiar, unha real e honesta patada ó arte contemporáneo. Fóra da ialma as patacas son coma nós; hainas rubias, blancas de ollos tristes e esfamiadas, hainas bellecas, con solanina, de regadío e secanas. De cedo, de tarde de Víctor e Arrambanas, Mariñas, de ollo de perdíz, e as das restrebas e as das folganzas, as que se regan pola cal, as que se quedan nas potas ou nas terras de labranza. Esta querida fagundaxe vai vivir e morrer aquí cerquiña do ascensor, aunque elas non se enteren serán as primeiras en sementarse en un museo, patacas Patacas con arte. Sei que naide se esmilagrará con este acontecemento,



pois elas e máis eu temos confianza nos museos veciños e si algún requetefino non nos entende que o demo o confunda e o leve praló. Esto é amor a primeira vista nunha palabra, amor divino. Amor mansamente vegetalizado. E xa que Picasso é raro e malo de entender, aquí non hai outro remedio que achantarnos aturando con cariño a este bicho familiar. Os nenos si non o entenden que lle pregunten a dios e no seu caso que llo explique o avó e si a cousa se complica facemos un congreso con eminentes labradores de Retizós e Carballo Bidin.





A pataca, si non morre criarase. Si é salvada das pestes e do escarabello seguirán acompañándonos de por vida, sin queixarse, e sin facer manifestacións ou levantar barricadas coa Internacional. Serán masacradas cada ano, guillotinas sin compasión, fervidas, escaldadas, muídas, presas nos nosos campos de concentración. En deuda eterna que menos que dedicarlles en Lugo unha magna exposición. Ora pro novis. Oremos.



NOMBRES CRISTIANOS DE ESTA FAMILIA DE SOLANACEAS



- **NEGRA FARIÑUDA**
 - **MARIÑAS**
 - **OLLO DE GALO**
 - **VICTOR**
 - **ARRAN BANNER**
 - **PALOGAN**
 - **DESIREE**
 - **KENNEBEC**
 - **MARFONA**
- 

- **MONALISA**
 - **RED PONTIAC**
 - **BARAKA**
 - **VALNERA**
 - **VIVALDI**
 - **ANNABELLE**
 - **AS DE COMER A XENTE**
 - **BELLECAS: AS DE COMER OS RANCHOS**
- 
- 

FRASES E DICTERIOS DE DISTINGUIDAS EMINENCIAS SOBRE A PATACA

- **HEIDEGGER (en alemán):** Siempre, ahora y de momento más cattofen que cemento
- **SAN AGUSTÍN:** Para restañar del alma y del cuerpo sus heridas solamente patatas hervidas
- **NAPOLEÓN BONAPARTE (en francés):** mi reino y mi Josefina por un saco de patatinas
- **PEPE DO CURUXO DE FUMAIOR:** Díxolle o outro: deixa de atizar lambón que as patacas ferven a gallarón
- **HO CHI MING:** Agua que no has de beber déjala correr
- **OTERO PEDRAYO:** A pataca cocida sempre morre triste no buche dun pazpallar
- **KAFKA:** Das Sprichwont Heigh ein mann ein fagar ein versager

- **NACHO VIDAL:** Del saúco, la leche frita, ...los dátiles del palmeral... las chicas de casa rica y las patatas del trigal
- **OTILIA DE PEDROUZAOS DA CASA DE RIBIRISCO:** ¡Qué ricos testán estos berberechos! jolines
- **MARLON BRANDO (en francés):** Cositas cosas tengo yo en el corazón, entre las piernas un piano y entre las manos patatas con jamón
- **EN EL VALLE DE GALA PLACIDIA:** Vitamínico tubérculo, fécula que dispara el corazón. Mi cuerpo, ya es solo patata y a eso solo aspiro yo.
- **SÓCRATES:** Teño tres fanegas e dous tegos de patacas de canabé unha sartén pra fritilas e nunha pota einas de cocer. Evidente

- **JORDI PUJOL: AL NOI DEL SUCRE.** De la pela la manteca, de la patata el mantecado, las parazas para los cerdos y los recuerdos de la guita para enterrarlas en el prado del Raval
- **MAO TSE TUNG:** A cada chino una patata. Para el resto arroz.
- **BRIGITTE BARDOT:** Le patatin le patatan con Le Pen an le Cannard
- **DON CAMILO JOSÉ CELA (Premio Nobel de Literatura):** Dicen las malas lenguas de que se murió sor Armadans, o bien de una enchente de patatas o bien de una de pan
- **O CARRIZO DE TRASCASTRO:** ¡Paco non seas mono, cambiame un quintal de patacas mariñas, por dous ferradas de trigo serodio
- **FIDEL CASTRO:** Me gustan las papas con sabor a mango y caña nueva

• **GARCÍA LORCA:** Naces silenciosa y guardada por los cipreses
Sultana de marmórea flor...
yo soy tu cazador

• **PABLO PICASSO:** Da igual, azul ó rosa,
ahora este tubérculo ya es otra cosa.

• **POL POT:** Heiche de cantar nena
unha canción enamorada, pra
que te deites espida entre as
patacas e non debaixo da cama.

• **HERBERT MARCUSE:** De momento
todos somos sospechosos. Da igual
acostarse con un saco de patatas,
que con un zorro sarnoso.

• **CORÍN TELLADO:** El caso es
enamorarse de una avestruz o un
gato de los mozos no compensa
porque se pasa mal rato.

• **SANTA TERESA DE JESÚS:**
Señor aparta de mi este cáliz pero
dame cachelos con touciño.



ESCARABAJO DE LA PATATA

*LEPTINOTARSA
DECEMLINEATA*



El escarabajo es una alimaña invertebrada, que durante su corta vida de oruga se convierte en plaga. De uno en uno es difícil de cazar y no se deben usar contra ellos carros de combate Leopard o Mirages de mach 3 de la última generación. Les gusta el clima continental y no soportan los zoológicos, ni las reservas al estilo Yosemite. Tienen una caja de un color casi carmín cercano a la variedad de uva Mencía y, a veces, al comer arracimados simulan un cogollo de frutas del bosque. Acostumbran a comer casi sin pausa y nada de berberechos o cigalas al vapor. Son misóginos, aburridos y poco ruidosos. No son parientes de las abubillas ni de los leopardos. No cotizan en la seguridad social ni abreven en ningún manantial pero nuestra especie les declaró la guerra por su nefasta ambición a devorar

las hojas de las patatas sin prisa pero sin pausa y de ahí viene ese rencor fraticida contra el sujeto aquí tratado. La culpa la tienen los americanos que de paso que iban a guerrear a Corea lanzaban la semilla desde sus bombarderos camino de Rota y después los muy taimados nos vendían a "gallope" el DDT. Empezamos su exterminio rociando las ramas de las patatas con un "escobillón" de xesta en un balde de zinc. Ahora cirriando el veneno con máquina a la espalda. Pobrecitos, al recibir el veleñoso impacto se ahorman sobre sus riñones y ponen siempre carita de noxo y visceral disgusto. A la media hora todos patasparriba como si fueran amorodios en la cal del patatal. Si no tenemos consideración con los de nuestra extirpe cómo vamos a tolerar a estas alimañas.

En tiempo de veda del conejo y la perdiz podrían los cazadores organizar partidas con galgos y podencos para el rececho del escarabajo, aunque el resultado de los perdigonazos podría dejar las ramas abucharadas como un colador. Somos cristianos y no gentuza. Aquí se mata decentemente dando de beber la pócima y no con gas ciclón como hacen los otros. Esta exposición es para todas las edades, incluso para los operados de su sexo o de paperas. Si lo saben todo sobre la bestia cállense y si no atiendan. Vencida la plaga y arrinconado el enemigo, el mildiu y la lluvia ácida atentan mansa y peligrosamente contra las patatas. Pero en esto estamos todos de acuerdo. La lucha sigue pero ¡venceremos!

Se queres estar informada/o todo o ano da actualidade Cultural e Turística séguenos nas redes sociais ou descarga a nosa app


IOS



Android



@LugoTurismo
facebook.com/LugoTurismo



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo

